

# **CONCELLO DE ORDES**

**(A CORUÑA)**

**ACTA Nº 10/2024**

**FOLLA Nº 1**

**CONCELLO DE ORDES**

**PROVINCIA DE A CORUÑA**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA SEIS DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

En Ordes, a seis de novembro de dous mil vinte e catro.

Na sala de Conferencias, Baixos da Alameda, rúa Xoxardo, Ordes, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES
- D. JOSE ANTONI CABEZA FRAGA
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- D<sup>a</sup>. ALBA VILARIÑO NOGAREDA
- D. PABLO VIDAL RÍOS
- D<sup>a</sup>. MARIA VIEITES CALVO
- D. AVELINO CANDAL FARIÑA
- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- D<sup>a</sup>. MARIA MARTÍNEZ VIEITES
- D. MANUEL ANTONIO VILLAVARDE REY
- D<sup>a</sup>. MARÍA CONCEPCIÓN BERDOMÁS GARCÍA
- D<sup>a</sup>. NOELIA RIVADAS LÓPEZ

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto. Está presente na sesión o Sr. Interventor D. Javier Siro Suárez Rodríguez.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, polo Sr. Alcalde solicítase de todos os presentes gardar tres minutos de silencio, en primeiro lugar como mostra de solidariedade con todos os afectados pola DANA e en segundo lugar en memoria de Adriana Carrillo Calvo.

A continuación, pola voceira do goberno municipal procédese a dar lectura a unha Declaración institucional, asinada por todos os grupos políticos desta Corporación, contra a LGTBIfobia, que se transcribe a continuación:

“O 4 de xullo de 2021, Samuel Luiz, un mozo de 24 anos, foi asasinado na Coruña tras unha brutal agrsión homófoga . Este asesinato, que conmocionou a toda a sociedade, puxo de manifesto , unha vez máis, a persistente e violenta LGTBIfobia que segue presente no noso país.

A resposta social foi inmediata, con manifestacións en toda España pedindo “Xustiza para Samuel” e condenando a violencia homófoba. Estas accións demostraron que a sociedade

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

reclama políticas máis contundentes para protexer os dereitos do colectivo LGTBI e garantir unha convivencia libre de odio e discriminación.

Con todo, este crime non é un feito illado. Os delitos de odio, e en particular os relacionados coa orientación sexual e a identidade de xénero, experimentaron un preocupante aumento nos últimos anos. Segundo os datos do Ministerio do Interior, estes duplicáronse en Galicia nos últimos cinco anos, amosando unha tendencia preocupante que require unha resposta firme e coordinada por parte das institucións.

O xuízo polo asasinato de Samuel Luiz representa un momento clave non só para facer xustiza, senón tamén para reafirmar o compromiso das administracións na loita contra a LGTBIfobia. As políticas públicas deben centrarse en previr estes delitos, protexer ás vítimas e fomentar unha cultura de respecto pola diversidade. A violencia e a LGTBIfobia non poden ter cabida nunha sociedade que aspira á igualdade e á convivencia pacífica.

Polos motivos expostos, os tres grupos municipais que integran a corporación do Concello de Ordes, acordan:

1. Condenar a agresión homófoba que causou o asasinato de Samuel Luiz e expresar o rexeitamento máis firme deste Concello ante calquera forma de violencia e odio motivada pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

2. Trasladar o apoio e a solidariedade á familia e amigos de Samuel Luiz, así como o seu compromiso coa xustiza.

3. Instar ás administracións públicas competentes a intensificar as accións dirixidas a erradicar a LGTBIfobia e calquera forma de discriminación e odio, mediante políticas educativas, campañas de sensibilización e o apoio ás vítimas.

4. Condenar todas as condutas que atenten contra a dignidade e os dereitos do colectivo LGTBI e manifestar o compromiso deste Concello coa construción dunha sociedade inclusiva, diversa e libre de odio, traballando na prevención, sensibilización e formación para evitar LGTBIfobias a nivel local”.

Seguidamente procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 26 de setembro de 2024, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 26 de setembro de 2024, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coas abstencións do Sr. Veiras Carneiro e da Sra. Berdomás García, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

### **2. INFORMES DA ALCALDÍA.**

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

### 3. APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACION DE ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DE LIXO E RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE ORDES.

Expediente de modificación da ordenanza fiscal nº 17 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo (**Expdte. 2024/G016/000003**).

Visto o contido do informe económico-financeiro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/10/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que esta modificación da ordenanza fiscal é algo que debemos levar a cabo en cumprimento dunha obriga legal. Como explicou o Sr. Interventor na Comisión Informativa intentouse facer un cálculo do gato coherente e o seu reparto entre as familias dunha forma equitativa. Fai un mes trouxeron unha moción sobre a problemática de Sogama que non foi debatida, van absterse.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a modificación desta taxa deriva da obriga fixada na Lei estatal de residuos do ano 2022, que trae causa da Directiva de residuos de 2018, que obriga ao establecemento dunha taxa non deficitaria pola recollida e tratamento de residuos municipais. Temos que lembrar que a afectación que supón a suba abusiva e unilateral do canon de Sogama imposta ao concellos, motivada entre outras polo imposto aos vertidos e incineración, case o 80% dos residuos que entran na pranta de tratamento de Cerceda, a redución da venta de enerxía e o incremento do prezo do gas. Por iso seguen a insistir en que o goberno da Xunta mude a xestión de residuos, substituindo a política de incineración e vertido, penalizadas polas directivas europeas de residuos, polo impulso da prevención, reutilización, reciclaxe e compostaxe. Coa modificación da ordenanza fiscal que propón o goberno municipal, unha vivenda urbana tería un incremento de 38 euros, unha vivenda rústica en 51 euros. Dende o BNG creen que a división en tramos por superficie para a fixación das tarifas é mellorable. Ata 400 m<sup>2</sup> de superficie existe unha subdivisión en tramos de 50 - 100 m<sup>2</sup>, a partires de 400 m<sup>2</sup> xa se salta a 1000 m<sup>2</sup>. Deste xeito un hotel, cafetería, ultramarinos, froitería de 450 m<sup>2</sup> pagaría exactamente o mesmo que un de 900 m<sup>2</sup>, o dobre de superficie, uns 1.690 €. Mentres que o mesmo establecemento cunha superficie de 50 m<sup>2</sup> pagaría 1.098 €. Un restaurante, supermercado de 450 m<sup>2</sup> pagaría o mesmo que outro co dobre de superficie, 2.367,00 €. O mesmo establecemento cunha superficie de 350 m<sup>2</sup> pagaría 1.578 €. Estas situacións non resultan nin xustas nin lóxicas. Por outra banda tamén creen que están mal os tramos. Exemplo, oficinas bancarias, establécense tramos de ata 100 m<sup>2</sup>, de 100 m<sup>2</sup> a 150 m<sup>2</sup>, de 150 m<sup>2</sup> a 200 m<sup>2</sup>. A pregunta é unha oficina de 150 m<sup>2</sup> que tramo pagaría. Sería mellor definir os tramos así, < / = 100 m<sup>2</sup>, > / = 100 m<sup>2</sup>, > / = 150 m<sup>2</sup>, ...etc.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a definición de tramos é clara. Para a súa fixación fíxose un estudo para a súa correspondencia co IAE do noso municipio. A partir de 400 m<sup>2</sup>, salvo nun caso concreto so aparece un. Non vai haber esas discrepancias. Considera que o Sr. Interventor fixo un bo traballo á hora de analizar estas cuestións tanto no padrón de rústica como no de urbana para o establecemento dos tramos. O único problema que xurdiu foi que saía inicialmente máis caro o recibo de rústica e de urbana, pedíndolle que se fixese unha aplicación o máis flexible posible para que se mantivese o recibo de rústica por debaixo do de urbano como estaba acontecendo ata o de agora. Así se fixo e así se plasmou no estudo económico desta modificación.

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que ollaron os padróns e os cálculos que obran no expediente, pero non é un caso illado. Se ollan o padrón de rústico do concello, almacéns, ferraxerías, talleres de 500 a 1500 m2, hai 12. Se ollan o padrón de Espina y Delfín, almacéns, ferraxerías, talleres de 351 – 500 m2 hai 17. Se ollan o de supermercados de máis de 300 ata 1000 m2 hai 3. Restaurantes, pizzerías ata 500 m2 hai 5. Hai varios casos nos que se pode dar.

Intervén o Sr. Interventor, que sinala que no padrón os tramos son distintos. Non padrón aínda que pon ata 500 non quere dicir que teña que ter 400 m2. O estudo foi difícil de facer por que non hai datos concretos. Tomouse un estudo do Instituto de Estudos fiscais que tiña certa lóxica. Varias os coeficientes agora sen ter os datos que serviron de base para este estudo era arriscado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto é algo que se irá amoldando ano a ano para que todo o mundo pague polo realmente xerado. As situacións particulares con algún suxeito pasivo que se poida ver beneficiada ou penalizada terá que ser regularizada no ano seguinte. Farase unha análise da mellor maneira posible para evitar ter que entrar en déficit, obriga que se vai a ter dende abril do ano que ven. Calquera situación terá que ser trasladado polo suxeito pasivo para o seu estudo polo Sr. Interventor. Do que se trata é de que cada un paga polo que acaba depositando no contedor. O 61% da suba é o déficit, o outro 39 % é o canon. Hai que agradecer a bonificación que vai a por en marcha a Xunta de Galicia de 12 €. Tamén hai a posibilidade de que Sogama acabe bonificando 13 € máis, podendo acabar fixado o canon en 83 €. Todas as cifras das que se está a falar é co 10% do ive adicional. Non é para nada agradable ter que subir os tributos cando ven imposta por unha lei estatal en aplicación dunha directiva europea. Non queda máis remedio que trasladarlllo á veciñanza.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación da ordenanza fiscal nº 17 reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, cuxo texto modificado figura na proposta de Alcaldía que encabeza o expediente.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

#### **4. APROBACION INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS. SUPLEMENTO DE CRÉDITOS.**

Expediente de modificación de créditos, suplemento de créditos (**Expdte. 2024/T002/000020**).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/10/2024.

# CONCELLO DE ORDES

---

## (A CORUÑA)

Visto o Informe de Intervención.

Visto o Informe de intervención sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que tendo en conta que están a favor con destino dalgúns dos créditos deste expediente de modificación de créditos, como é a ampliación do local social de Vilamaior. Noutros non coinciden co goberno local, como é a conmutación da débeda. Pensan que eses créditos poderían destinarse a outras cousas. Como nunca lles consultan previamente van absterse.

Intervén o Sr. Interventor, que sinala que entraron en vigor as regras fiscais. Este ano non é obrigatorio a amortización da débeda, no caso de superávit habería que facelo no 2025. Considera que obxectivamente é mellor facelo agora e deixa a débeda a cero.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ao final é diñeiro que van a poder liberar e aproveitar no ano que ven.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non se opoñen a que se incorporen fondos do remanente para cubrir gastos derivados do incremento dos custes polo tratamento de residuos debido a suba imposta polo canon de Sogama 110.000 €. Valoran positivamente que se empreguen para a ampliación do local social de Vilamaior 238.000 €, que ten moita falta de amañar. Non comparten a urxencia de destinar 300.000 € a amortizar a débeda bancaria cando existen carencias da veciñanza sen atender ou outras prioridades máis urxentes. Poderían servir para dotar de tubos de saneamento á senda peonil prevista dende o Balado ata a estación da Pontraga, no proxecto non se recolle a dotación deste servizo, evitando que no futuro haxa que levantar para meter os tubos. Espallar as redes de saneamento e abastecemento municipal e ir chegando ás parroquias que a día de hoxe non contan cun so metro lineal deste tipo de servizos básicos. Dotar de iluminación pública ás sendas peonís executadas que carecen da mesma. Actuar para que Ordes conte cun lugar axeitado e decente para tomar o transporte público evitando que os viaxeiros teñan que agardar nos soporais do concello ou portais de edificacións de uso residencial. Levar a cabo actuacións reais e efectivas de cara a evitar a condensación nos pavillóns municipais que impide a práctica deportiva nos mesmos. Deseñar un circuíto de actividades culturais e de ocio na vila e no rural. Posto que existen todas estas carencias sen cubrir, así como moitas outras que poderían seguir enumerando van absterse neste punto por que entenden máis urxente atender estas carencias que a amortización dunha débeda bancaria que se pode pagar nos prazos establecidos sen ningún tipo de problema.

Intervén o Sr. Interventor, que sinala que a débeda bancaria figura non capítulo 9 é un gasto financeiro. Si se quixese facer ese gasto nos capítulos 1 a 7 neste momento incumprían a regra de gasto. Neste momento cúmprese a regra de gasto por 22.000 euros. Que sería o máximo que se podería investir nalgunha actuación. Isto que faise para librarse do que poida ocorrer no ano 2025.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que volve a insistir para que lle que claro a todo o mundo, hai moitas actuación e van pagar a débeda, non se podería facer. Non poden incumprir as regras fiscais, díxollo no anterior pleno, se están todos de acordo fagamos un plan económico financeiro. Pero ao mellor hai que facer o que fixo Carballo o ano pasado aumentar o IBI un 10%, o que acaba de facer Ames ou van facer outros concellos. Sexamos valentes, se realmente queremos investir todo o diñeiro que hai no remanente fagámolo, pero ao mellor o que leva aparelado non nos interesa a ningún, o temos que analizar moi analizado. Non

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

podemos vir a falar de actuacións e votar en contra dos orzamentos cando se está a elaborar un proxecto de máis de 300.000 euros en abastecementos para distintas parroquias do noso concello. Pero votamos en contra cando poderíamos votar a favor e non nos damos conta. Temos que ter claro o que se pode destinar a investimentos e o que se pode destinar a amortización de débeda. Temos a posibilidade de sacar de diante esta débeda e o ano que ven facer investimentos. A decisión do goberno municipal e o plantexamento dos técnicos e o mellor para os veciños. O ano que ven vamos a poder dispoñer destes 300.000 € con total seguridade para poder facer investimentos. Non vamos a poder contar con Madrid como ocorreu este ano. Temos que poñelos a disposición canto antes. A maneira é sacarse a débeda dun plumazo e temos a posibilidade de facelo co superávit de 2023, polo tanto é o que corresponde facer.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que falan de investimentos en infraestruturas, pero non son as únicas actuacións posibles tamén se deben atender os servizos sociais. Xa sabe que so son 22.000 €, pero chegarían para outras cousas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non se retira dun plumazo a débeda, a que se retira é a débeda bancaria. O concello segue tendo 2.134.000 € de débeda, neste caso con outra administración pública, neste caso a Deputación Provincial, que co POS+ e PAI foron reducindo a débeda bancaria que se contrae coa administración provincial, coa vantaxe de que aquí non hai xuros que pagar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non vai entrar no debate que xa tiveron aquí moitas veces. Fíxese no texto do POS+ Adicional de como se está a devolver esa débeda sen que lle supoña ningún desembolso ás arcas municipais. Neste ano 2024 xa se devolveu parte de el. A Deputación ten un mecanismo retroactivo para que nunca teña que sufragarse cos impostos directos, nin con transferencias dos concellos. Ese é o acordo que existe entre todos os concellos e grupos políticos na Deputación. Esa é a realidade, non lle dea máis volta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta si existe débeda ou non.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle volve a dicir o mesmo. Esa débeda non computa como débeda viva, nin como débeda bancaria, nin xera xuros. Todos os concellos que tiveron a oportunidade de acollerse o fixeron, foran da cor política que foran. A día de hoxe a efectos de contabilidade financeira non contabiliza como débeda. Esta é a realidade.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos, suplemento de crédito, do orzamento municipal 2024, de acordo co seguinte detalle:

ORZAMENTO DE GASTOS				
Partida de gastos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Créditos finais
1623.227.06	Tratamento de residuos. Estudos e traballos técnicos.	310.142,25	110.277,73	412.060,79
011.913.00	Débeda Pública. Amortización a longo prazo de entes de fora do sector público.	65.945,85	297.242,50	363.370,35

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

933.632.00	Xestión do patrimonio. Edificios e outras construcións.	290.905,03	238.705,91	529.610,94
	Totais	666.993,13	646.226,14	1.305.042,08

ORZAMENTO DE INGRESOS				
Partida de ingresos	Descrición	Previsión antes da modificación	Modificacións	Previsións finais
870.00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	222.516,04	646.226,14	868.742,18

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederáse de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

### 5. APROBACION INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.

Expediente de modificación de créditos, transferencia de créditos (**Expdte. 2024/T002/000021**).

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/10/2024.

Visto o Informe de Intervención.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que van a votar a favor deste punto, máis que nada por coherencia en relación coa moción que presentaron sobre accesibilidade universal, que foi aprobada por unanimidade da corporación. Saben que o entorno da gardería municipal precisa dun amaño e supresión de moitas das barreras arquitectónicas. Esperan que este diñeiro se invista nesta infraestrutura, se vai a supor unha mellora na súa calidade, están de acordo neste punto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se trata de transferir crédito para atender outras necesidades. Van a votar favorablemente.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos, transferencia de créditos, do orzamento municipal 2024, de acordo co seguinte detalle:

a) Partidas de gasto onde os créditos se minoran:

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Aplicación	Descrición	Importe €
321.622.00	Creación de Centros docentes de ensino infantil e primaria. Edificios e outras construcións.	120.000,00
		120.000,00

b) Partidas de gastos onde os créditos se incrementan:

Aplicación	Descrición	Importe €
1532.619.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens destinados ao uso xeral.	120.000,00
		120.000,00

2.- Que se expoña ó público por prazo de quince días hábiles, para os efectos de reclamacións, conforme ó preceptuado no art. 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

3.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra este considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da publicación do orzamento modificado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica deste Concello, segundo dispoñen aos arts. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril e 169.3 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo; e noutro caso procederase de acordo co previsto no número 1 deste último artigo.

### 6. APROBACIÓN DEFINITIVA CESIÓN GRATUITA BEN INMOBLE.

Expediente de cesión gratuíta de ben inmovible para dotación pública dentro do sistema de equipamento local, equipamento relixioso (**Expdte. 2024/X998/000290**).

Visto o acordo do Pleno do concello, de data 18/07/2024, de aprobación inicial do expediente de cesión gratuíta da parcela nº 327 da Zona de Concentración Parcelaria de Beán-Pereira II a favor da igrexa Católica-Arcebispado de Santiago de Compostela, para ser destinado ao fin de ampliación do cemiterio parroquial de Santa Eulalia de Pereira.

Visto que durante o trámite de información pública, por prazo de quince días, realizado mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 156, de data 14/08/2024) e Taboleiro da sede electrónica deste Concello, non se presentou alegación algunha.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/10/2024.

Visto o disposto nos arts. 109, 110 e 111 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que como dixeron anteriormente ao que se opoñen sempre é a cesión dun ben inmovible municipal a unha entidade relixiosa. Van a manter a súa postura e votar abstención.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tamén van a repetir o sentido do voto da aprobación inicial. Non entenden a necesidade de ceder gratuítamente este ben á Igrexa Católica cando no concello existen outros casos de cemiterios



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

que non foro cedidos á Igrexa, como é o construído pola veciñanza de Parada que están a funcionar sen ningún tipo de problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi unha decisión dos veciños de Parada como querían obras. Aquí é unha decisión dos veciños de Pereira e nos temos que ratificar a decisión soberana destes veciños que eran terreos deles, non eran terreos do concello, que decidiron deixar alí para ese fin. Agora o que corresponde é cumprir co que pediron a esta corporación e que se destine ao fin previsto. Se o Arcebispado non cumpre co fin pretendido, está contemplada a reversión conforme marca a normativa vixente.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Contas, Facenda e Persoal, de data 28/10/2024.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría absoluta de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Aprobar definitivamente o expediente de cesión gratuíta da parcela nº 327 da Zona de Concentración Parcelaria de Beán-Pereira II a favor da igrexa Católica-Arcebispado de Santiago de Compostela, para ser destinado ao fin de ampliación do cemiterio parroquial de Santa Eulalia de Pereira.

2.- O ben inmovible cedido deberá ser destinado ao uso no prazo máximo de un ano, debendo manterse o seu destino, atendendo ao fin pretendido coa cesión, de forma indefinida, permanente e ininterrompida. En caso de incumprimento dos prazos anteriores ou desaparecida a finalidade pretendida con esta, considerarase resolta a cesión e reverterá aquel a esta Corporación Local con todas as súas pertenzas e accesións.

### **7. RECTIFICACIÓN DE ERROS DOCUMENTO APROBADO DEFINITIVAMENTE PXOM.**

Expediente de rectificación de erros documento aprobado definitivamente PXOM (2024/U031/000001).

Visto que mediante Orde da Vicepresidenta segunda e Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 13 de decembro de 2023 (DOG nº 243, de data 26 de decembro de 2023) foi aprobado definitivamente o PXOM, inscrito con data 29/01/2024, no Rexistro de Ordenación do Territorio e Plan Urbanístico de Galicia, na Sección II, Libro I, Tomo III, folla rexistral 71, co número ROTPG/P/8/2024. Inscripción que foi modificada con data 15/03/2024, e inscrita na Sección II, Libro I, Tomo III, folla rexistral 83, co número ROTP/P/20/2024.

Visto que unha vez aprobado definitivamente o PXOM, publicadas as súas ordenanzas e entrado este en vigor, polo equipo redactor do documento aprobado definitivamente detectáronse os seguintes erros:

- Unha serie de erros numéricos nas fichas normativas dos solos urbanos non consolidados (P-OR-01 e P-OR-02, P-OR-14, P-OR-15, P-OR-22, P-OR-29) e da súa correlación cos demais documentos do PXOM.

- Un erro gráfico recollido nos planos PORD-04SUC-05, PORD-04SUC-07, Plano da ficha normativa do S-12 e no Plano da ficha normativa do CU-2. Fixación das aliñacións na parcela con referencia catastral 9017828NH4791N0001RD, para a apertura dun novo vial de conexión na API CU-2 sen saída.

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Vistos os erros anteriores polo equipo redactor do documento aprobado definitivamente do PXOM propónse que se proceda a súa rectificación a efectos de garantir a integridade formal e xurídica do documento.

Visto que o art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) sinala: As Administracións Públicas poderán rectificar, en calquera momento, de oficio os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Visto que a rectificación de erros proposta despréndese da documentación obrante no expediente tramitado para a aprobación do PXOM, é evidente e fácilmente rectificable, sen que sexa preciso levar a cabo interpretacións xurídicas ou xuízos de valor ou unha modificación ou alteración do documento aprobado definitivamente.

Visto o documento elaborado polo técnico redactor do documento do PXOM aprobado definitivamente, no que se explica o obxecto destas rectificacións de erros, a súa xustificación e alcance dentro dos límites fixados pola xurisprudencia para que se poda falar de que estamos ante unha rectificación de erros e esta non resulta improcedente.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 28/10/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que manteñen a súa liña de que para eles o PXOM non lles parece axeitado, son erros que teñen que amañarse. Non se van a opoñer, nin votar a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que na Comisión Informativa dende o BNG advertiron de erros que figuraban na propia proposta de corrección de erros con respecto á reserva de prazas de aparcamento de vehículos que figuraban nas ordenacións detalladas. Ollando a documentación facilitada para o pleno observan que os mesmos xa foron corrixidos. Coa proposta que traen hoxe resulta que no solo urbano non consolidado denominado POR-14, rúa Cidade Xardín, aparcadoiro fronte á da Cultura, o aproveitamento lucrativo para uso residencial do sector pasaría de 6.748 m2 previstos na memoria informativa da ordenación detallada aprobada aos 9.900 m2.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está e coincidente coa alegación que aprobou o pleno por unanimidade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non é certo por que a alegación aprobada especificaba unha edificabilidade dun 70 e aquí estase poñendo dun 50

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que está e coincidente coa alegación que aprobou o pleno por unanimidade, por que dentro das aliñacións a que se aproba por unanimidade é a máxima e despois a que lle é de aplicación un pouco menos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que con respecto ao solo urbano non consolidado POR-29, na zona do Paraíso, entre a rotonda e o IES de Ordes, o aproveitamento lucrativo para uso residencial do sector pasaría dos 4.220 m2 previstos na memoria informativa de ordenación detallada aprobada a 7.836 m2. Debería revisar a documentación da citada alegación, alegación 2805, non ten informe favorable ou desfavorable para a súa aprobación. A Orde de 27/06/2023 CMTV de non aprobación definitiva PXOM recollía no apartado 2.4.1 o seguinte: respecto aos POR-14, POR-29, con ordenación detallada segundo o art. 68.b da Lei

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

do solo de Galicia os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras deberán informar sobre a suficiencia das infraestruturas e servizos existentes previstos. A xustificación aportada naquel entón a este requirimento sobre suficiencia destas infraestruturas fan referencia á ordenación detallada anterior, polo que entenden que debería aportarse unha nova xustificación que teña en conta estes novos aproveitamentos lucrativos residenciais resultantes desta proposta de corrección de erros, que como veñen de apuntar muda substancialmente a situación anterior e invalida, por tanto, a xustificación feita con anterioridade dado que se aumenta o número de vivendas resultantes do sector e por tanto a demanda destes servizos. Dende o BNG non saben se algunha das cuestións que se están a tratar nesta corrección de erros están en discusión nalgún dos contenciosos derivados da aprobación definitiva do PXOM.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que entende que o equipo redactor plantexa esta corrección de erros de acordo á normativa de procedemento administrativo como se fai en moitos outros concellos. A reclamación que presentan agora os titulares é en base a resolución favorable da súa alegación como edificabilidade máxima. Unha cousa é a ficha do PXOM e outra a ordenación detallada que vai incorporada de maneira paralela, cantidade que non pode ser superior. O mesmo acontece no POR-29. Non hai nada estraño, o que se busca é a correspondencia da ficha coa ordenación detallada. Tamén se fan correccións alfanuméricas noutros polígonos, que non teñen ordenación detallada, e están todos eles plenamente xustificadas. Faralle saber ao responsable da redacción do PXOM o que vostede aquí advertiu sobre o informe de suficiencia dos servizos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tendo en conta que nalgúns casos como POR-14 e POR-29 coa corrección de erros se produce un incremento substancial da superficie residencial, incrementa as vivendas resultantes e por tanto esa demanda de servizos, non sabe se o trámite pode ser considerado corrección de erros, ou precisaría unha modificación do PXOM. Votan en falta a xustificación da suficiencia das infraestruturas sobre abastecemento e saneamento existentes. Non é solo corrixir as fichas, tamén a memoria xustificativa da ordenación detallada. Nesta caso non poden votar favorablemente, van absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala o que dixo antes, memoria xustificativa errada na ordenación detallada, memoria xustificativa correcta do PXOM coas superficies máximas. Non pode negar que isto é así. Non hai correlación entre o documento principal e a ordenación detallada. A corrección faise en base ás fichas que son as que están equivocadas como informa o técnico redactor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), coas abstencións (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Rectificar os erros numéricos existentes nas fichas normativas dos solos urbanos non consolidados (P-OR-01 e P-OR-02, P-OR-14, P-OR-15, P-OR-22, P-OR-29) segundo o documento elaborado polo técnico redactor do PXOM, que figura incorporado como anexo a esta proposta de acordo.
- Rectificar o erro nos planos PORD-04SUC- 05, PORD-04SUC-07, Ficha normativa do solo urbanizable S-12 e Ficha normativa da API CU-2. segundo o documento elaborado polo técnico redactor do PXOM, que figura incorporado como anexo a esta proposta de acordo.

# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

## 8. SOLICITUDE DE REVOCACIÓN DE ACTOS DE GRAVAME DITADOS EN EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

Expediente de revogación de actos de gravame ditados en expediente de reposición da legalidade urbanística (Expdte. 2024/Q002/000006)

Visto o informe de Secretaría, de data 23/12/2024, que se transcribe a continuación:

“Informe xurídico procedemento de revogación de actos de gravame da entidade local (Art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditadas no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes.

### 1. ANTECEDENTES.

- Resolución de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021, pola que se resolve o expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes.

- Resolución de Alcaldía nº 1486/2021, de data 28/12/82021, pola que se desestima o recurso de reposición interposto contra a resolución da Alcaldía nº 928/2021, de data 07/09/2021.

- Solicitud presentada con data 15/07/2024, rexistro de entrada nº 202499900001985, por Milagros Villaverde Pulleiro, con DNI nº \*\*\*0190\*\*, revogación actos de gravame (art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditadas no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes, nos que se establece “Como consecuencia das obras de substitución integral da edificación existente, a propietaria haberá de ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso”.

### 2. LEXISLACIÓN APLICABLE

Artigo 109 (Revogación de actos e rectificación de erros) Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP).

1. As Administracións Públicas poderán revogar, mentres non transcorrese o prazo de prescrición, os seus actos de gravame ou desfavorables, sempre que tal revogación non constitúa dispensa ou exención non permitida polas leis, nin sexa contraria ao principio de igualdade, ao interese público ou ao ordenamento xurídico.

### 3. FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O obxecto do presente informe é a solicitude de revogación de actos de gravame (Art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade por infracción do procedemento legalmente establecido formulada por Milagros Villaverde Pulleiro dos apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, nas que se recolle a condición de edificación en solo de núcleo rural imposta polo art. 24.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, como requisito para que se poidan legalizar as obras [obras de reforma, polas que se procedeu á substitución integral de materiais e elementos, alterando a volumetría e aspecto exterior da vivenda unifamiliar illada existente (B+1)] executadas e terminadas pola interesada en Lg. Espenica, 8, Ordes, sen ter obtido o previo

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

título habilitante de natureza urbanística esixible de acordo co establecido no art. 142.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

II.- A revogación dos actos de gravame é unha potestade discrecional da Administración que se exerce sempre de oficio: Non existe acción de revogación para esixir que a Administración revogue os actos de gravame ou desfavorables ex art. 109.1 LPACAP.

Non existe un dereito subxectivo a esixir a revogación dun acto administrativo. O art. 109.1 LPACAP emprega o termo "as administracións públicas poderán" que o Tribunal Supremo interpretou no sentido de declarar que "a potestade de revisión que o artigo 105 da Lei 30/92 concede á Administración para os actos de gravame ou desfavorables non constitúe unha fórmula alternativa para impugnar fóra de prazo os actos administrativos consentidos e firmes, senón só para revisalos por motivos de oportunidade. A petición de revisión non pode ser ocasión para discutir se o acto de gravame axústase ou non ao ordenamento xurídico, pois iso só pode facelo o interesado impugnando en tempo e forma o acto discutido" (STS do 13 de xullo de 2001, rec. 216/1997). Nesta liña no ámbito tributario xeneralizouse "a falta de dereito subxectivo á revogación" (STS do 22 de febreiro de 2017, rec. 554/2016)".

Esta STS de 27/03/2023 tamén o lembra:

"A potestade de revogación regulada no art. 109 da Lei 39/2015, é unha potestade discrecional que permite á Administración eliminar do mundo xurídico non só actos inicialmente válidos por circunstancias sobrevindas, senón tamén actos nos que se aprecie algunha circunstancia de ilegalidade. Non está sometida a prazo, exércese sempre de oficio - tal e como expresa o título co que se encabeza o Capítulo I do Título IV da Lei 39/2015, "Revisión de oficio" no que está insiro o art. 109 que comentamos- e, como declara de forma constante a xurisprudencia, non constitúe unha fórmula alternativa para impugnar fóra de prazo actos consentidos e firmes (SSTS do 11 de xullo de 2001, rec. 216/1997, ou do 31 de maio de 2012, rec. 1429/2010, entre outras moitas)".

No mesmo sentido, a STS de 19/5/2011 (RC 2411/2008) antes citada con cita á de 11/7/2001 dinos que:

"Por iso, púidose dicir que, a diferenza da revisión de oficio dos actos nulos de pleno dereito, a revogación dos actos nulos desfavorables é unha facultade e non unha obriga da Administración, pois ese tipo de invalidez validase polo paso do tempo e ao gañar firmeza".

Por todo o sinalado anteriormente, procede:

1.- Denegar a solicitude de revogación de actos de gravame (Art. 109.1 Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP) e declaración de nulidade apartados 2º e 3º das resolucións de Alcaldía nº 928/2021, de data 07/9/2021 e nº 1486/2021, de data 28/12/82021, ditadas no expediente de reposición da legalidade urbanística: obras terminadas sen título habilitante de natureza urbanística en Lg. Espenica, 8, Ordes.

2.- Abrir un trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles, a efectos de que a interesada poida formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo, de data 28/10/2024.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que esta é unha cuestión que esta no xulgado, non teñen nada que dicir. Se o concello actuou dentro da legalidade, os veciños poden equivocarse ás veces. Non teñen voz nin voto cando fala a xustiza.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que estamos nun expediente urbanístico que deriva dun procedemento de reposición da legalidade urbanística iniciado de oficio polo concello de Ordes pola execución dunhas obras nunha vivenda unifamiliar. Sen entrar a valorar cantos expedientes de reposición da legalidade urbanística foron iniciados de oficio polo concello sen existir denuncia previa nin as razóns pola que unicamente foi detectado este caso nas proximidades. A cuestión central obxecto de discusión é a obriga da cesión do terreo. Por parte do concello de Ordes insístese continuamente en que se trata de obras de substitución integral de elementos da edificación existente, a pesar do sinalado nos informes dos servizos técnicos municipais de Urbanismo que catalogan a intervención como obras de reforma, a propiedade defende que se trata de obras de reforma. Coa lexislación vixente no momento da tramitación do expediente ás obras de reforma non lle resulta esixible a cesión do fronte de parcela para as obras de ampliación do viario e ás obras de substitución si. Resumidos os antecedentes o que se está a reclamar pola propiedade é que nas resolucións da Alcaldía ditadas na instrución do expediente de reposición da legalidade urbanística non debería figurar o requirimento de cesión, unicamente requirir á propiedade para que presente unicamente a solicitude formal de licenza urbanística para a legalización das actuacións levadas a cabo. O momento de requirir ou non a cesión do fronte de parcela debe efectuarse no propio expediente de legalización das obras, unha vez efectuada a solicitude de licenza e presentado o proxecto correspondente avaliando a definición das obras en base á documentación do expediente e definicións recollidas na lei do solo. No informe de secretaría que nos foi remitido con respecto a este punto dise que a revogación dos actos de gravame é unha potestade que ten a administración que pode exercer de oficio non existindo dereito para esixir a revogación do acto administrativo. O certo é que por unha banda o concello de Ordes non debería requirir a cesión do fronte de parcela nestas resolucións de alcaldía dado que non era o momento para facelo e por outra banda a propiedade non recorreu ata o de agora este aspecto. Dado que se trata de corrixir un defecto de requirir a cesión dun terreo por parte do concello nun momento errado van a estar a favor de que se corrixa esta situación. O concello ten a potestade de facelo si o considera oportuno independentemente da súa solicitude. Isto non quere dicir que logo se teña que ceder ou non o terreo. É unha cuestión que se debe resolver no expediente para a legalización das obras onde tamén foi requirida a cesión e agora estase a discutir nos tribunais se resulta esixible ou non.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o problema onde está é que eles tiñan que ter recorrido o expediente de reposición da legalidade urbanística cando o concello aí define as obras, non cuestionalo despois no expediente de licenza urbanística. A licenza urbanística ten a súa orixe no expediente de reposición da legalidade urbanística, aí e cando o concello xa di as obras que deben ser obxecto de legalización. Non hai que esperar á licenza urbanística. No expediente de reposición da legalidade urbanística o concello xa calificou as obras que se estaban facendo e que se consideraban legalizables, que se indique a maiores que se ten que facer a cesión é como consecuencia das obras que o concello define como legalizables. Se nese momento a interesada non recorre o expediente hai que continualo

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a interesada recorreu que as obras non eran de substitución e que polo tanto non conleva unha cesión.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que no expediente de reposición da legalidade urbanística engádese a maiores a obriga da cesión. Independentemente de que se puxera ou non esta condición de edificación, ou que agora se eliminase, o que non se vai a poder cuestionar en ningún momento é que as obras que ten que legalizar son as obras de substitución integral de elementos da edificación que era o que o Concello dixo e que non se cuestionou. Ao ser isto firme implica esa obriga de cesión, constase ou non no expediente de

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

reposición da legalidade urbanística. O avogado da interesada pensa que pedindo isto fai desaparecer a obriga de cesión, pero esta é unha obriga imposta pola lei do solo como consecuencia das obras que se definen como de legalización. O que se defendeu en vía contencioso-administrativo foi que como non se cuestionou na fase no que o tiña que facer agora non veña neste segundo procedemento algo que tiña que haber cuestionado antes. É unha cuestión máis formal. O letrado da interesada non se deu conta de que se poderían encontrar con este problema.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que tanto no expediente de reposición como de licenza cuestionáronse as obras.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que no expediente de reposición da legalidade urbanística non se foi ao contencioso-administrativo, co que a resolución é firme.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, por maioría de nove votos a favor (9 grupo político PP), seis votos en contra (grupo político BNG), coas abstencións (2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

Abrir un trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles, a efectos de que a interesada poida formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

### **9. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2024, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

### **10. MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde-Presidente pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén a Sr. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Actualmente, estase experimentando unha maior demanda por parte da sociedade de produtos autóctonos, de calidade e con un selo de garantía. Este feito, ademais, xera confianza entre os consumidores, e aumenta o recoñecemento dos produtos locais tanto a nivel local como estatal. A isto súmase o aumento da sensibilización social por consumir produtos autóctonos, colleitados e producidos segundo a normativa europea en canto ao uso de fitosanitarios e tratamentos químicos permitidos.

# **CONCELLO DE ORDES**

## **(A CORUÑA)**

Dende este grupo político botamos en falta unha denominación de orixe para un produto típico no noso Concello como é o GRELO DE ORDES, que se comercializa tanto en forma de semente como en produto fresco. Cunha denominación de orixe non soamente estaríamos protexendo un recurso agrícola propio se non que, ademáis, abriríamos a porta á comercialización dun produto recoñecido e de calidade. Tamén suporía unha nova canle laboral para os agricultores da zona xerando emprego e beneficios a unha agricultura local cada vez máis mermada e destinada ó autoconsumo ou como economía de subsistencia.

Polo que, o grupo municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes quere someter a consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte ACORDO:

1. Iniciar os trámites na Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia, na Axencia Galega de Calidade Alimentaria e no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para a creación da Denominación de Orixe Protexida do GRELO de ORDES.

2. Potenciar a produción e consumo de este produto mediante a organización de eventos e festas gastronómicas na nosa comarca e publicitar festas xa existentes como a Festa do Lacón con Grelos no Mesón do Vento. 3. Poñer a disposición dos produtores da contorna os puntos de venta de este produto na Praza de Abastos de Ordes.

4. Crear xornadas gastronómicas orientadas á degustación do grelo para favorecer e expandir o consumo de este produto tanto na Praza de Abastos coma nos negocios de restauración e ocio do Concello”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta foi rexeitada por maioría de 9 votos a favor (grupo político PP), cos votos a favor (6 grupo político BNG, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, para xustificar o voto en contra da urxencia da moción, que sinala que se comprometen a solicitar que no 1º catrimestre 2025 se leve a cabo unha xornada e campaña por parte de Agacal de difusión e promoción do grelo na comarca de Ordes para que os produtores existentes e os potenciais interesados poidan inscribirse e incorporarse ao estudo da indicación xeográfica protexida do grelo de Galicia. Xa fixeron un intento sendo Conselleira do Medio Rural Ánxeles Vázquez no ano 2017. De materializarse o anterior non hai ningún inconvinte en que se inicie a tramitación do estudo da denominación de orixe protexida. Se se materializa a existencia de produtores na nosa comarca, invitando tamén aos demais concellos para que se poidan sumar a esta iniciativa incorporárase unha partida finalista nos orzamentos do ano 2025.

### **11. ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Intervén a Sra. Berdomás García, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Os veciños da Costa de Santa Cruz de Montaos indican que existe cableado descolgado dende o pasado temporal.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Que se realicen as accións pertinentes para reparar os danos no tendido.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o primeiro parte de intervención da policía local é de 05/02/2024, o segundo é de 08/05/2024, seguinte 31/10/2024. Non é certo que veña derivado do temporal, xa ven de moitos meses atrás. O 01/11/2024 fíxose un novo aviso ao CIAE 112. A la espera.

Intervén a Sra. Rivadas López, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- O tramo que aparece na fotografía, situado na zona do Valado, carece de alumeadado público. Este traxecto é utilizado por escolares, moitas veces en condicións de escuridade absoluta, supoñendo risco de accidentes e inseguridade.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Realizar as actuacións pertinentes para dotar á zona de alumeadado público.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que temos outros casos, é moi difícil de facer. Trasládouselle á empresa para ver que posibilidades hai de colocar algún foco nunha mellor situación. Colocar focos adicionais fora do ámbito das vivendas é algo que non se concibe como opción.

- En relación á moción de accesibilidade presentada por este grupo político e ao compromiso adquirido por parte do goberno local de realizar as actuacións máis urxentes e asequibles por parte da administración local,

Solicitamos ao señor Alcalde:

Realizar o rebaixe da beirarrúa nos seguintes pasos de peóns das inmediacións do Campo da Feira de Ordes para acadar a cota 0.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en función dos proxectos que se vaian aprobando van irse facendo estas actuacións. Un deles non se pode acometer por que hai unha tapa de UFD. Esta previsto resolver co POS+ 2024 á rúa do Mirón. O outro que propón parece que simplemente é salvar o desnivel do bordelo, está trasladado á Brigada municipal de obras e servizos.

- A sinalización de “stop” que aparece na imaxe, situada nas inmediacións da Fonte da Us (Leira), está deteriorada.

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Esta atópase nun lugar na que a obrigación de parada no cruce pasa inadvertida para moitos condutores, co risco que isto implica.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Repoñer a sinalización.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se lle trasladou á Brigada.

- Nunha das consultas de pediatría do centro de saúde de Ordes existen goteiras que están a estragar as infraestructuras e xeran un ambiente insalubre para a actividade que alí se desenvolve. Parte do persoal que presta os seus servizos dende fai máis de 10 anos indicounos que este problema persiste dende aquela.

Este verán leváronse a cabo algunhas actuacións co obxectivo de solucionar o problema, mais o persoal e os usuarios indican que as filtracións incluso empeoraron.

Solicitamos ao señor Alcalde:

Demandar á Consellería de Sanidade amañar con carácter urgente o problema comentado.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de sanidade, que sinala que xa se arranxou, só un día detectaron unhas goteiras alí. Xa se trasladou para a súa solución na seguinte tanda de obras que se vai comezar.

Intervén a Sra. Martínez Vieites, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Tanto os vehículos que se incorporan dende a Rúa Víctor González Faya á Rúa Mediodía, como os que o fan dende a mesma Rúa Mediodía á Rúa do Recreo, non teñen boa visibilidade para poder xirar, polo que se teñen que acercar demasiado adiante, co conseguinte risco de colisión. Este problema podería solventarse coa colocación de espellos en ámbolos dous cruces para mellorar a visibilidade.

Por outra banda, o espello que se atopa en Vilar, cuxa reparación solicitamos no pleno de abril, leva xa tempo estragado outra vez.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A colocar espellos nas interseccións das rúas Víctor González Faya – Mediodía e das rúas Mediodía – Recreo para mellorar a seguridade nas mesmas.

A estudar un emprazamento máis seguro para o espello de Vilar, para evitar a súa rotura tan frecuente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que examinada a primeira petición non ven lóxica no plantexamento. A policía local fará os estudos previos que corresponda. Non hai estacionamentos en ningunha das dúas incorporacións. Hai outras cuestións máis

# **CONCELLO DE ORDES**

## **(A CORUÑA)**

problemáticas en calquera destas dous rúas. En relación á segunda xa foi trasladado á Brigada, xa está cambiado.

Intervén a Sra. Vieites Calvo, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- A beirarrúa da avenida Alfonso Senra, á altura do edificio nº 175, presentan varias lousas formando resalto que pode orixinar riscos de tropezo e caída, por parte da veciñanza que transite pola mesma.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda coa reparación do citado tramo de beirarrúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa foi trasladado á Brigada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- O camiño que comunica a zona do tanatorio de O Valado, co propio núcleo cruzando o rego do Valado, atópase bastante deteriorado nalgúns dos seus tramos.

Cabe lembrar que estamos a falar dun camiño que conserva os valos e as árbores, digno dunha axeitada conservación.

Dado o alto valor que representa, propoñemos apostar pola aplicación de técnicas de pavimentación que non supoñan a aplicación de produtos bituminosos ou asfaltados, os cales non acadarían un axeitado nivel de integración.

Isto non quere dicir que se renuncie a dotar ao camiño dun firme axeitado, podendo aplicar técnicas como a estabilización dos solos e conducindo axeitadamente as augas pluviais.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda ao arranxo do citado camiño, apostando por unha pavimentación baseada en sistemas de estabilización do solo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os arranxos que se fan sempre nestes camiños é con zavorra. Iranse facendo segundo se poida ir actuando en cada un deles. Agora mesmo temos demandas máis importantes e serias que esta. Hai outras prioridades. Tense en conta, pero non se compromete o prazo

- No camiño que comunica o núcleo de O Valado co núcleo de Darefe, nas proximidades do paso sobre o rego do Valado, atópase unha árbore caída que impide ou dificulta bastante a circulación polo citado camiño.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda coa retirada da citada árbore caída sobre o camiño.

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é unha servidume. Trasládouse á Brigada.

- Tal e como se amosa nas fotografías que acompañan ao presente rogo, existen varios farois sen as correspondentes tapas de rexistro que deixan os cables e zonas de conexión á vista, o que produce risco de electrocucións (especialmente a nenos e nenas):

FAROL NO PASEO RAMIRO RECOUSO LISTE.  
FAROL NA RÚA PARAISO (FRONTE AO Nº 56).  
FAROL DIANTE DO ANTIGO CENTRO COMARCAL.  
FAROL NA AVENIDA ALFONSO SENRA (Nº 82).

A deficiencia sinalada sobre o farol existente á altura do nº 82 da avenida Alfonso Senra, xa fora trasladado polo grupo municipal do BNG no pleno ordinario de maio de 2024, e cinco meses despois aínda segue sen amañar.

Ollando as hemerotecas, o propio PP de Ordes en setembro de 2012, cando se atopaba na oposición, denunciaba “serias deficiencias no cableado das farolas en Leira”, referíndose a farois que non contaban coas correspondentes tapas de rexistro e deixaban tamén os cables á vista, coas expresións formuladas por José Luís Martínez Sanjurjo:

“¿Como é posible que unha administración poda cometer unha irregularidade deste calibre e chegar a poñer en risco a integridade das persoas?”. “¿Que pasaría se un neno tivese accedido a eses cables ou se calquera persoa os tivese manipulado cun instrumento cortante...?”.

Neste sentido, desde o BNG trasladámoslle estas mesmas preguntas hoxe ao alcalde. É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que se proceda de maneira urxente, coa reposición das tapas de rexistro dos citados farois.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segue pensando o mesmo. Cada vez que detectan unha incidencia destas, considera oportuno que se dea a alerta previa, non estean esperando a traelas ao pleno. A de Alfonso Senra que foi resolta volveu a encontrarse nunha situación similar. Todos os casos excepto no paseo Ramiro Recouso Liste tiñan a tapa dentro por un golpe.

- Estamos a rematar o mes de outubro e este ano aínda non deu comezo o curso de habilidades sociais que se ven desenvolvendo ao longo de todos estes anos nas instalacións do mercado agrario comarcal do Mesón do Vento.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A que de maneira urxente, poña en marcha o curso de habilidades sociais..

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que a persoa que ía iniciar o curso mentres non se concluías o proceso de estabilización en Ordes foi estabilizada noutro concello. Estamos pendentes do proceso de estabilización.

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o proceso de estabilización de persoal laboral rematou cunha resolución de 10/09/2024, indicase as persoas aprobadas que superaron o proceso selectivo. Na resolución de contratación de persoal laboral do 26/09/2024 non aparece o educador familiar. Non sabe cal é o motivo.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que a persoa que resultou aprobada non presentou a documentación para ser contratada. Esta pendente de que se modifique a resolución de persoas aprobadas e listaxe de reserva, e a nova persoa aprobada presente á documentación para a contratación.

- No BOP nº 192, do venres 4 de outubro de 2024, publicouse o calendario laboral da provincia da Coruña para o ano 2025, onde figuran as festas locais fixadas polos concellos.

O concello de Ordes, ten fixados coma festivos o martes de entroido (4 de marzo) e mais a festa de San Roque (16 de agosto).

Cabe sinalar que a festa de San Roque do ano que ven, cadra un sábado, polo que podería resultar mais interesante para a veciñanza do noso concello, trasladar ese festivo a outro día.

Ollando o calendario publicado no BOP, pódese comprobar como moitos concellos optaron por fixar como data de festivo local o día de San Xoán, que coincide martes (24 de xuño).

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A modificar o festivo local fixado para o 16 de agosto de 2025 a outra data, evitando que coincida cun sábado ou domingo, propoñendo o día de San Xoán (24 de xuño).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que se plantexa non é viable porque dende a publicación dos festivos locais hai quince días para calqueira cambio ou alteración que rematou o 21/10/2024. Cando o día 16 cae en domingo sempre se propón unha data alternativa, cando cae en sábado o costume é manter o festivo local.

Por último ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Rivadas López, voceira do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:

- No mes de marzo este grupo político solicitou a retirada de tubos da rúa República Arxentina por supoñer un obstáculo e un risco, especialmente para os máis cativos polo ter partes cortantes.

Esta mesma semana comprobamos que non se retiraron.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Por qué non se realizou a actuación solicitada?.

# CONCELLO DE ORDES

## (A CORUÑA)

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no seu día cando formularon o rogo foi feita a petición a Telefónica, e fixeron caso omiso. A semana pasada fíxose un novo aviso, unha incidencia ao correo de comunicación coas administracións. Foi executado o pasado día catro, poden pasar por alí que os rebaixaron e taponaron.

- Segundo diversas comunicacións, a nova escola municipal estaría en funcionamento para dar cabida a alumnado durante o curso escolar 2024-2025.

A día de hoxe, as obras están aínda sen rematar.

É polo que preguntamos:

¿Cal é a causa da demora nas obras?.

¿Cando estará dispoñible a nova escola infantil para recibir ao alumnado?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que houbo unha modificación para a ampliación dos patios. O novo prazo de remate é o 15/12/2024. Unha vez concluídas as obras haberá que proceder á contratación do servizo.

- A semana pasada, o Polígono Industrial de Merelle e as súas inmediacións sufriron cortes no subministro eléctrico reiterados, tal e como se pode apreciar na fotografía.

É polo que preguntamos ao señor Alcalde:

¿Ten constancia o goberno local desta situación?

¿Cal é a causa dos cortes reiterados no suministro eléctrico?

¿Levou a cabo algunha actuación para evitar esta problemática?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi como consecuencia da obra de parques empresariais que picaron unha manguera e non e apreciou ata pola noite. Ao día seguinte se procedeu á reparación.

- O pasado mes, as concelleiras do PSdeG recibimos invitación ao acto de descubrimento dunha placa adicada a Promociones Inmobiliarias Julio Rey.

En ocasións anteriores, cando se pretendía realizar algún recoñecemento ou distinción a unha persoa ou entidade, a proposta por parte do goberno local era presentada no pleno da corporación municipal de Ordes e ratificada polo mesmo.

Nesta ocasión non se procedeu así e é polo que preguntamos:

¿Cal é o criterio que se aplicou nesta ocasión para non ratificar a decisión no pleno?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se está a facer unha interpretación sesgada de todo isto. Unha cousa é establecer unha denominación dun edificio municipal que se traerá ao pleno. Como ocorreu coa escultura de Ramón Piñeiro foron convidados ao acto sen ter que ter

# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

un previo acordo plenario. Esta é unha competencia propia da Alcaldía. É unha simple praca de agradecemento pola cesión realizada.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Programa UNICO – Banda Ancha, fixa como obxectivo a cobertura de banda ancha a 100 Mbps para o 100% da poboación no ano 2025.

Imos cara o remate do ano 2024, aínda existen zonas do noso concello nas que non se despregou a banda ancha, resultando significativo o caso da parroquia de Lesta.

É polo que preguntamos ao Sr. Alcalde o seguinte:

¿Cales son as zonas brancas que temos a día de hoxe no concello de Ordes?

¿Ten constancia de que existan previstas actuacións para o despregue da banda ancha nas mesmas?. ¿En que datas?.

De non ser o caso, ¿que ten previsto facer o goberno municipal ao respecto?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non saben o que fan noutros concellos. Aquí dende o minuto un co despregue constituíuse un grupo coordinado polo departamento de informática cos de Rede Aberta. Concorreuse a todas as ordes que saíron publicadas BOE, DOG. Funcionaban mellor os despregues xestionados pola Amtega, unha vez recuperados pola Admon. do Estado o descontrol é moi grande. Non é correcto o enunciado os plans publicase con obxecto de dar cobertura ás zonas brancas existentes nese momento, pode escollerse calquera delas, logo segundo as súas bases a realidade é que as empresas que conseguen as licitacións están obrigadas a un porcentaxe de cobertura que non é o cen por cen. No plan de 2022 obrígase a executar a cobertura no 51% dos núcleos, no 2023 o 70% de núcleos con zonas brancas. Descoñécese se o plan único 2024 vai a modificar as bases, estando no mes de novembro aínda non saíu. A situación da parroquia de Lesta é sobradamente coñecida a súa situación polo goberno municipal. Vai a dársele cobertura de fibra á parroquia. Esta pendente dunha prórroga de seis meses solicitada polas operadoras para rematar os traballos de despregue que permitiría levar a cabo esa instalación tan demandada. Hai que colocar 100 postes, sendo necesaria previamente a obtención de moitas autorizacións sectoriais, tramitación que non vai todo o rápido. Tamén está pendente o acordo coa empresa eléctrica para que poidan utilizar os seus apoios. Outro problema é que executadas as actuacións tardan moito en actualizar os datos. Hai actuacións feitas no ano 2022 que aínda non aparecen. Non saben o que pasará no 2025, 2026. Todos os anos cando sae se prepara a relación e se fai a solicitude para que se dea cobertura ao 100 % do territorio que está pendente. De momento non se pode facer por que non hai convocatoria.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e vinte e seis minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**  
José Luis Martínez Sanjurjo  
(asinado dixitalmente)

**O SECRETARIO**  
Juan Luis González Iglesias